

## RESOLUCIÓN DO 16 DE MARZO DE 2018, POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓN Á DIRECCIÓN DO INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS MARITIMOS

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o artigo 13.2 do Regulamento electoral xeral aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016, procede convocar eleccións á Dirección do Instituto Universitario de Estudos Marítimos segundo as bases que se achegan con este escrito.

A Coruña, 16 de marzo de 2018

A directora do Instituto  
Fernanda Miguélez Posse

.....

### I) COLEXIO ELECTORAL

O Consello do Instituto constituirá o colexio electoral para a elección do da dirección do departamento

### II) ELIXIBLES

Serán elixibles os electores respectivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Nas eleccións de dirección de Instituto, os membros do consello de Instituto que sexan profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios que foren proclamados candidatos de forma definitiva.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderá ser elixible o profesorado contratado doutor, nos seguintes supostos:

1. Cando ningún membro do profesorado doutor dos corpos docentes universitarios for proclamado candidato/a.
2. Cando existindo persoas candidatas profesoras doutoras pertencentes aos corpos docentes universitarios, ningunha delas obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello de departamento. Neste suposto, os membros do profesorado contratado doutor así proclamados candidatos só poderán resultar elixidos directores de Instituto cando obtiveren, en segunda volta, o maior número de votos, que ademáis deberá ser superior ao número de votos acadado polo profesor doutor dos corpos docentes universitarios máis votado na primeira volta.

Aos efectos previstos no artigo 23.5 dos Estatutos da Universidade da Coruña e art. 2.7 do Regulamento Electoral Xeral, a elixibilidade das persoas candidatas será interpretada de conformidade cos criterios aprobados pola Comisión Electoral Central na súa reunión do 14 de febreiro de 2013.

### **III) ELECTORES**

Nas eleccións de director/a de instituto son electores todos os membros do consello de instituto correspondente, agás o profesorado doutor vinculado por relación laboral temporal que non cumprir os límites temporais previstos no artigo 3.1.b) *in fine* do Regulamento Electoral Xeral.

### **IV) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**

As candidaturas, dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no Rexistro do instituto, no Rexistro Xeral da UDC ou nos

registros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro) nos prazos que dispón esta resolución e segundo o Regulamento electoral xeral.

O escrito, asinado polo candidato, conterá os seguintes extremos:

- a) Nome e apelidos
- b) Número do documento oficial de identificación
- c) Centro e departamento a que está adscrito
- d) Sinatura

A proclamación provisional de candidatos será feita polo instituto. As reclamacións e recursos contra esta proclamación provisional, dirixidos ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse nos registros citados no prazos marcados no calendario incluído nesta resolución e serán resoltos pola Comisión Electoral Central.

A proclamación definitiva de candidatos, de non existir reclamacións ou recursos ou unha vez resoltos, será feita polo instituto tras recibir a comunicación da resolución pola Comisión Electoral Central.

## **V) MODO DE SE REALIZAR A SESIÓN PARA A ELECCIÓN**

- a) O director/a de instituto en funcións deberá convocar os membros do órgano colexiado para realizar unha reunión extraordinaria para a elección da dirección, dentro dos prazos sinalados no calendario electoral.
- b) Co fin de que todas as persoas electoras poidan exercer o dereito ao sufraxio, evitarase que a reunión do consello de instituto coincida coa dunha xunta de centro. No caso de que un representante o sexa en máis dun órgano colexiado, os órganos afectados deben garantir o seu dereito de sufraxio fixando as reunións para as eleccións de maneira que non coincidan no tempo.
- c) Nas eleccións de director/a de instituto emitirán o seu voto os electores membros do consello, reunidos en sesión extraordinaria na data sinalada

na convocatoria. O consello será presidido polo director en funcións, agás que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro de máis idade presente no consello. O presidente concederá un espazo de quince minutos a cada candidato para estes exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, noutros quince minutos, responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións procederase á votación que será nominal e secreta. Nesta sesión actuará como secretario o que o for do instituto, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o presidente.

- d) As papeletas, que serán elaboradas polo instituto, conterán a relación de candidatos proclamados definitivamente, colocados por orde alfabética e un cadrado ao lado para marcar o voto a favor do candidato.

## **VI) PROCLAMACIÓN DA CANDIDATURA ELECTA**

- a) Nas eleccións de director de instituto, será proclamado candidato/a electo/a quen en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros do Consello.
- b) No caso de non haber ningunha persoa candidata que obteña a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación, en que resultará elixido a persoa candidata que obtiver un maior número de votos, agás no caso de que se trate de profesorado contratado doutor, que deberán obter, ademáis, un número de votos superior ao acadado en primeira volta polo profesor doutor dos corpos docentes universitarios máis votado, producíndose a votación nunha nova sesión extraordinaria do Consello tras a proclamación definitiva dos novos candidatos.
- c) A proclamación provisional de candidato electo será feita polo secretario do consello do instituto, co visto e prace do presidente, o mesmo día das eleccións, unha vez rematada a reunión, enviando copia desta por correo interno á Comisión Electoral Central. As reclamacións e recursos presentaranse nos Rexistros correspondentes nos dous días hábiles

seguintes e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. Tras recibir a comunicación da resolución, o secretario do consello de instituto, co visto e prace do presidente, publicará a proclamación definitiva de candidatura electa, enviando copia desta por correo interno á Comisión Electoral Central.

## VII) CALENDARIO ELECTORAL

### 1. Convocatoria das eleccións (artigo 13.2)

*16 de marzo de 2018 (venres)*

### 2. Publicación do censo provisorio (artigo 5)

*19 de marzo de 2018 (luns)*

### 3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisorio (artigo 14)

Prazos de presentación: *do 20 de marzo (martes) ao 22 de marzo de 2018 (xoves), até as 14:00 h*

Prazos de resolución: *do 23 de marzo (venres) ao 27 de marzo de 2018 (mércores)*

### 4. Data de publicación do censo definitivo (artigo 14)

*2 de abril de 2018 (luns)*

### 5. Prazo de presentación de candidaturas (artigo 15)

*Do 3 de abril (martes) ao 4 de abril de 2018 (mércores), até as 14:00 h*

### 6. Proclamación provisorio de candidaturas (artigo 16)

*5 de abril de 2018 (xoves)*

### 7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas (artigo 16)

Prazos de presentación: *do 6 de abril (venres) ao 9 de abril de 2018 (luns), até as 14:00 h*

Prazo de resolución: *10 de abril de 2018 (martes)*

## **8. Proclamación definitiva de candidaturas (artigo 16)**

*O 11 de abril de 2018 (mércores)*

## **9. Campaña electoral (artigo 17)**

*Do 12 de abril (xoves) ao 16 de abril (luns)*

## **10. Data da votación**

*17 abril de 2018 (martes)*

## **11. Data de proclamación provisoria de candidaturas electas**

*18 abril de 2018 (mércores)*

## **12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas electas**

Prazos de presentación: *do 19 de abril (xoves) ao 20 de abril (venres), até as 14:00 h*

Prazo de resolución: *do 23 de abril (luns) ao 25 de abril (mércores)*

## **13. Data da proclamación definitiva de candidaturas electas**

*26 de abril de 2018 (xoves)*